



## **O Concello dóalle á Igrexa os bens de carácter relixioso que aínda quedaban no edificio anexo ao Pazo da Marquesa**

**Un equipo de operarios enviados polo bispado traballou nos últimos días na capela do antigo colexio das monxas para retirar, principalmente, os bens de carácter sagrado que aínda quedaban no interior. O Concello ofrecéalle esta oportunidade á diocese Mondoñedo-Ferrol hai varias semanas buscando, ademais, que o lugar quedase reducido ou desconsagrado antes de que empecen as obras no edificio. Unha oferta que non sería preceptiva pero que, segundo o alcalde, atende a unha "cuestión de cortesía institucional e respecto cara ao que a Igrexa representa para moita xente".**

Tras unha primeira xuntanza cos representantes eclesiásticos, o vicario xeral do bispado solicitoulle por escrito ao Concello a doazón "dos bens mobles de uso exclusivamente relixioso e litúrxico". Na solicitude a igrexa expresou o seu interese por facerse cargo do altar e o ambón de granito -o atril desde o que se lían textos bíblicos-, as vidreiras laterais e os bancos.

Elementos todos eles que cumpriría retirar en breve por mor das obras de rehabilitación do edificio anexo ao Pazo da Marquesa pero que, sen embargo, xa están en poder da Igrexa. Unha cuadrilla de operarios mandados polo bispado traballou nos últimos días na antiga capela do colexio ata deixala completamente baleira. Os bancos en bo estado, o altar, o ambón e as vidreiras empregáranse agora, case con toda seguridade, como equipamento ou elemento ornamental noutros recintos relixiosos.

"Consideramos que antes de empezar coas obras debiamos comunicarllo á Igrexa dado que os traballos van afectarlle a lugares que no seu día tiveron o carácter de sagrados", explica Secundino García. O alcalde sinala que se ben "nada nos impediría empezar a traballar", brindarlle a oportunidade á igrexa de que se faga cargo dos bens relixiosos "é unha cuestión de cortesía institucional e de respecto cara ao que a Igrexa representa para moita xente"

### **O Sagrado corazón de Xesús**

Ademais dos bens xa retirados, o bispado tamén pediu que se lle doe a figura do Sagrado corazón de Xesús que hai nos xardíns do pazo, a escasos metros do lugar onde se vai obrar. Trátase dunha reprodución a escala da que hai no outeiro de Los Ángeles, preto de Madrid, consagrada en 1919.

A de San Sadurniño erixiuse xusto un ano despois aínda que nun lugar distinto do que ocupa na actualidade. Segundo parece, a estatua estaba orixinariamente preto do río e foi trasladada aos xardíns do pazo na época en que as relixiosas de Cristo Rei xestionaron o legado da marquesa.

Tal e como sinala a solicitude asinada polo vicario xeral do bispado Mondoñedo-Ferrol, a Igrexa farase cargo tamén desta figura aínda que, desta vez, "para trasladala ao claustro do Convento [do Rosario]". Para o alcalde "deste xeito evítase que a imaxe poida sufrir danos durante as obras de demolición do último andar do edificio anexo ao tempo que a propia Igrexa é quen lle garante un emprazamento definitivo."